

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/18	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de maio de 2019
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:30 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 15 e 22 de abril de 2019

Favorable

Tipodevotación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os borradores das actas das sesións de Xunta de Goberno Local realizadas en datas 15 e 22 de abril de 2019.

Expediente 2068/2019. Proposta da alcaldía para aprobación de anexo ao plan de ocupación con servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas

Desfavorable

Tipo de votación: Nominal
A favor: 2, En contra: 3, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor	MARIANO ABALO COSTA XOSE MANUEL PAZOS VARELA
En contra	LOURDES RIAL PARDO XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS
Abstencións	ANDRES GARCIA BASTON
Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acorda denegar a proposta da Alcaldía para aprobación do anexo ao plan de ocupación con servizos de tempada nas praias de Cangas-2019, pola que se solicita a instalación de parque acuático na praia de Rodeira, por tramitación incompleta, ao non existir no expediente os preceptivos informes xurídicos.

Expediente 91/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 91/2019.- Conceder a D. F. O., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións electrónica en X agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo urbano de núcleo rural, regulado pola ordenanza URNU, construír unha vivenda unifamiliar en rúa Cañoto, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto R. S. S. de xaneiro de 2019. A licenza outorgarase condicionada a que, antes do inicio das obras, presente proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a





formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende oitenta e sete mil novecentos nove euros con doce céntimos (87.909,12 €).

Acéptase a cesión de 82,82 m2., para ampliación do vieiro municipal formalizada en escritura pública de data 11 de abril de 2019, perante a notaria A.T. C. P., número do seu protocolo 318, e a fianza depositada en Abanca o 28.03.2019 por importe de mil oitenta e seis euros con corenta e sete céntimos (1.086,47 €).

Expediente 3205/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 3205/2018.- Conceder a S. D. C. e J. P. L., titulares do DNI nº X e nº X, respectivamente, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Ourense, nº X-O Porriño, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo urbano, regulado pola ordenanza URFI, construír unha vivenda unifamiliar e un cerramento no lugar de Longán, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polas arquitectas E. G. L. e L. C. F. de data xuño de 2018. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende cento vintecatro mil seiscentos sesenta e oito euros (124.668,00 €).

Acéptase a cesión 31,13 m2., para ampliación do vieiro municipal formalizada en escritura pública de data 6 de febreiro de 2019 perante a notaria M.J. L. E., número do seu protocolo 81, e a fianza depositada en Abanca o 25.04.2019, por importe de seiscentos cincuenta e catro euros con cincuenta céntimos (654,50 €).

Expediente 6144/2018. Corrección de erros de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en sesión de data 01.04.2019, relativo ao expediente nº 6144/2018, no que se concede licenza de parcelación; no punto primeiro faise mención en: "agrupar dúas fincas iniciais de 1.474 m2., e 536 m2.," e debe dicir: "agrupar dúas fincas iniciais de 1.473,98 m2., e 535,91 m2".

No punto segundo faise mención a: "...a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 191,00 m2.; de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos", debe dicir: "...a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ó Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza,





por unha superficie de 63,29 m2.; de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos".

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, RESOLVO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 6144/2018.-

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por M.L., T. L.C. e J.C.P., agrupar dúas fincas iniciais de 1.473,98 m2., e 535,91 m2. (referencia catastral X e X), sitas en San Lorenzo, nº X Laxe-Vilanova-O Hío, para parcelar en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico S. G. F. de data decembro de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 839,40 m2., na que existe unha vivenda; a parcela 2 de 1.107,20 m2., na que existe unha vivenda e un hórreo; e a parcela 3 de 63,29 m2., de cesión para ampliación do vieiro.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga de cesión libre de cargas dos terreos situados fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 63,29 m2.; de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.

Expediente 1356/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1356/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. R. F., para reparacións interiores en edificación sita en rúa Félix Ozámiz, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil seiscentos sesenta e dous euros con oitenta céntimos (6.662,80 €).

Expediente 5846/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5846/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por F. D. R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Parada, nº X-Coiro, para colocación de portal en parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación que obra no expediente de data novembro de 2018 e xaneiro de 2019 e visto o informe do inspector municipal de data 4 de febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a cento sesenta euros con trinta e tres céntimos (160,33 €).





Expediente 5985/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5985/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. B. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións no correo electrónico X, para cambio de cuberta en edificación sita na rúa Outeiro, nºX-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico F. M. L. de data novembro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a dez mil douscentos setenta euros con vinteun céntimos (10.270,21 €).

Expediente 2536/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2536/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "RESIDENCIAL VILARIÑO", para colocación da baixante exterior de pluviais na fachada do edificio sito en Vilariño, nº X-O Hío (referencia catastral X) conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. R. L., de data xaneiro 2016 e as condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e mobilidade de data 16 de abril de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos noventa euros (690,00 €).

Expediente 3326/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución da xefa de urbanismo de data 30.04.2019, referente a expediente nº 3326/2018, de restauración da legalidade urbanística:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

M. R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello, mediante proposta de alcaldía de data 18 de marzo de 2019, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello nº 3326/2018, emite a seguinte proposta de resolución visto os seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por parte de D. P. E. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, efectuáronse no lugar de Nerga-O Hío, obras sen licenza, consistentes en realizar a ampliación dunha caseta, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 22.08.2018.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 25 de marzo do 2019, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular





alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 24.04.2019 presenta escrito de alegacións manifestando que:

- Renuncia neste acto expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación para que, en definitiva, sobre tal importe total da sanción lle sexan aplicados os beneficios de redución do 90%, previstos na lei por previa reposición da legalidade, seiscientos euros con un céntimo (600,01 €) e un 50% adicional por aboamento en período voluntario. Resultando un total a aboar de trescentos euros con un céntimo (300,01 €).

Á vista da documentación que consta neste expediente, procede estimar as alegacións presentadas, polo que se aplicarán as deducións correspondentes, visto o informe da inspección municipal de data 15.03.2019, do teor literal seguinte:

'Presentado no lugar comprobo que se cumpriu a orde de demolición, téndose realizado a demolición parcial do galpón e a adecuación deste á comunicación previa nº 3223/2017, para reubicación de asadoiro e galpón'.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emita a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Nerga-O Hío, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 22 de agosto de 2018.

SEGUNDO.- Que D. P. E., en calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

TERCEIRO.- Estimar a alegación formulada o 24.04.2019 por D. P. E., visto o informe da inspección de obras obrante no expediente de data 15.03.2019 e impoñer a D. P. E., na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de trescentos euros con cinco céntimos (300,05 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Nerga-O Hío, consistentes en realizar a ampliación dunha caseta, ao ter a construción carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 22 de agosto de 2018".

Expediente 5499/2017. Solicitud de devolución de aval de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta de data 30.04.2019 emitido pola xefa de urbanismo, referente a solicitude de devolución de aval bancario de licenza urbanística, que é como segue:

"INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE URBANISMO





ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 17 de abril de 2019, ten entrada polo rexistro municipal nº 4.773, solicitude de devolución de aval bancario, asinada por F. M. R. e R. P. F. con NIF nº X, como titular da licenza de obra nº 23.844, expediente nº 24.893 (X-5499/2017).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 20 de novembro de 2017, outorgouse licenza de primeira ocupación a F. M. R. e R. P. F..

Terceiro.- Na data de 24 de abril de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que: "Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado".

Cuarto.- En data 29 de abril de 2019, a tesourería municipal emite informe no que di que consta efectuado o ingreso de fianza a nome de F.M.R. e R.P.F., por importe de catrocentos cincuenta e dous euros con vintedous céntimos (452,22 €) e número de asiento 005901, co seguinte texto: 'FIANZA EXPEDIENTE URBANISMO Nº 20998'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2015, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva o seguinte

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de catrocentos cincuenta e dous euros con vintedous céntimos (452,22 €), depositado por F.M. R. e R.P.F., no expediente de licenza de obra nº 23.844 (X -5499/2017).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado e ao departamento de tesourería".

Expediente 2128/2019. Solicitude de devolución de aval de licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe de tesourería de data 29.04.2019, referente a solicitude de devolución de aval ancario de licenza urbanística, que é como segue:

"INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: solicitude de devolución de aval

EXPEDIENTE Nº 2128/2019

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data de 4 de marzo de 2019, ten entrada polo rexistro municipal nº 2019-E-RE-548, solicitude de devolución de garantía presentado no expediente de licenza de obra nº 1242/2018, asinada por A. R. A., con NIF Nº X.

Segundo.- Na data do 8 de abril de 2019, o inspector de obras emite o informe que se transcribe na súa literalidade:

' FEITOS QUE MOTIVAN O INFORME :

Solicitude feita pola xefatura de urbanismo en comprobación do estado de conservación do espazo cedido e urbanizado, segundo a licenza nº 22880 a nome de Á. R. A., logo de transcorrido un ano da concesión da licenza de primeira ocupación o 11.04.2018.

INFORME QUE EMITE:

Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión se atopa en bo estado'.

Terceiro.- Na tesourería municipal consta o depósito da garantía por importe de trescentos euros (300,00 €), con nº de asento 010354 e texto de asento "A. R. A., AVAL EXP. OBRAS 23617", garantía que figura pendente de devolución.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento en aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2015, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de





resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución da garantía por importe de trescentos euros (300,00 €), depositada por A. R. A., con CIF nº X, no expediente de obras nº 1242/2018.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

Expediente 2455/2018. Solicitud de devolución de aval de contrato de obra

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe de tesourería de data 29.04.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: solicitude de devolución de aval

EXPEDIENTE Nº 2455/2018

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Con data 9 de maio de 2018, ten entrada polo rexistro municipal nº 2018-E-RE-316, solicitude de devolución de garantía presentada no expediente nº 2455/2018, por parte da empresa 'IMPERNOSA SL', con CIF nº X.

Segundo.- Na data de 8 de xuño de 2018, a directora da obra emite o informe que se transcribe na súa literalidade:

'Vista a circular de tesourería na que se peticiona informe por parte desta oficina con respecto á devolución de aval bancario a nome da empresa 'IMPERNOSA SL', e examinada, así mesmo, a documentación que se anexa a esta, notifícase o seguinte:

As obras de:

-'ARRANXO NA CUBERTA DA PRAZA DE ABASTOS'

Teñen un prazo de garantía de 1 ano a contar desde a data de recepción da obra.

A acta de recepción da obra foi asinada o día 22.01.2018, polo que aínda non transcorru o ano de prazo de garantía e considero que non procede a súa devolución."

Na data de 26 de marzo de 2019, a directora da obra emite novo informe que se transcribe na súa literalidade:

'Vista a circular de tesourería na que se peticiona informe por parte desta oficina con respecto á devolución de aval bancario a nome da empresa 'IMPERNOSA SL', e examinada, así mesmo,





a documentación que se anexa a esta, notificase o seguinte:

As obras de:

-'ARRANXO NA CUBERTA DA PRAZA DE ABASTOS'

foron revisadas transcorrido o ano de garantía fixada para o aval (a acta de recepción da obra foi asinada o día 22.01.2018), que ascende á cantidade de mil setecentos setenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (1.779,63 €), e non apreciándose defectos ou vicios na construción procede a súa devolución”.

Terceiro.- Consultada a contabilidade municipal, consta o depósito da garantía por importe de mil setecentos setenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (1.779,63 €), con número de asento 005983 e texto de asento: 'GARANTÍA EXPTE. C-17/14 487572017 OB'. A citada garantía figura depositada e pendente de devolución á día da data.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2015 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval por importe de mil setecentos setenta e nove euros con sesenta e tres céntimos (1.779,63 €), depositado pola empresa 'IMPERNOSA SL', con CIF nº X, no expediente nº 2455/2018.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada”.

Expediente 2585/2019. Concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 29.04.2019 do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN





Concello de Cangas

E. G. G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica de oitocentos cincuenta euros (850,00 €) a K.F.H.A., con NIE nº X ".

Expediente 2221/2019. Proposta do concelleiro de ensino e deportes para concesión de subvención a clubs deportivos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 23.04.2019 do concelleiro de ensino e deportes, referente a concesión de subvencións a clubs deportivos, que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO

Con base na situación actual de prórroga dos orzamentos municipais de 2018 para este exercicio de 2019. Visto que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrència competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

No tocante ao procedemento debemos acudir ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, que dispón:

1.- A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

2.- As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, agás no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrència e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



d) Réxime de xustificación da aplicación das subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.

3.- A concesión de subvencións por importe superior a cento cincuenta mil euros (150.000,00€), ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Visto que constan no expediente os correspondentes documentos de retención de crédito emitidos por intervención en data 15.04.2019. Propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgar a seguinte subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 340.48.01 do orzamento de gastos do Concello, e formalizala no correspondente convenio no que se detallan as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, a:

NOME CLUB	IMPORTE
ÁNFORA PATINAXE ARTÍSTICO	800,00 €
ALONDRAS CF	15.300,00 €
ATLETISMO MORRAZO	800,00 €
ATLETISMO VILA DE CANGAS	5.200,00 €
BALONCESTO DEFENSORES MORRAZO	1.800,00 €
BALONMÁN CANGAS	30.000,00 €
BALONMÁN LUCEROS	11.500,00 €
POMBAS DO MORRAZO	300,00 €
CICLISTA CANGAS	1.200,00 €
CINANIA TM	1.200,00 €
CRUCEIRO DE HÍO	2.900,00 €
RÁPIDO BAHÍA	2.900,00 €
GALERNA ACT. SUB.	300,00 €
MAR RÍA DE ALDÁN	8.500,00 €
NÁUTICO CANGAS	800,00 €
NÁUTICO RODEIRA	7.000,00 €
PEÑA CICLISTA BIKE OU NON VAI	500,00 €
PIRAGUISMO ALDÁN	300,00 €
REMO VILA DE CANGAS	2.000,00 €
SARES TKD CANGAS	3.000,00 €
TENIS CANGAS	1.000,00 €
MÁSTER MORRAZO	300,00 €
EFB CANGAS	800,00 €
WIND&SUP LIMÉNS	800,00 €
VOLEIBOL MANIOTAS	800,00 €

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e requirirles para a firma do correspondente convenio".

Concello de Cangas



Expediente 405/2019. Dación de conta de concesión pola Dirección Xeral de Turismo de subvención para contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada de escrito de data 29.04.2019 (R.E. nº 5234) da Axencia de Turismo de Galicia, e acepta a concesión de subvención para contratación de persoal nas oficinas de turismo de Cangas durante tres (3) meses, por un importe total de catro mil setecentos trinta e tres euros con oitenta e nove céntimos (4.733,89 €).

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2212/2019. Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade para solicitude de axuda á Consellería de Política Social para cofinanciamento do servizo de atención temperá (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 06.05.2019 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a solicitude de axuda á Consellería de Política Social para cofinanciamento do servizo de atención temperá, que é como segue:

"Proposta

Solicitude de axuda á Consellería de Política Social para cofinanciar o servizo de atención temperá.

Vista a publicación no DOG do 10.04.2019 da Orde do 25.04.2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da comunidade autónoma de Galicia, para a prestación de servizos de atención temperá no marco da rede galega de atención temperá, cofinanciados polo P.O. FSE 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Visto que a posta en funcionamento do servizo de atención temperá do Concello de Cangas é do 01.07.1999.

Visto que foron remitidas as contas correspondentes ao ano 2017 ao Consello de Contas de Galicia.

Visto que a contratación de persoal que desenvolve as funcións do servizo foi realizada de acordo coa normativa aplicable ás administracións públicas e a correspondente concorrencia e na xestión indirecta, segundo a normativa aplicable en materia de subvencións e contratación administrativa.





Vista a documentación que consta no expediente, propono á Xunta de Goberno Local:

* Solicitar subvención ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvención ás entidades locais da Comuniade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo PO FSE 2014-2020, declarando aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde e demais normativa aplicable e comprometerse a cofinanciala no termos seguintes:

1.- Prestación do servizo de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá (Decreto 183/2013, de 5 de decembro) nas condicións reflectidas no artigo 8 da orde.

2.- A xestión será mixta polo Concello de Cangas.

3.- O período de execución será do 1 de novembro de 2018 ao 31 de outubro de 2019.

4.- Os integrantes do equipo de atención temperá durante o período de execución son catro profesionais que formarán un equipo interdisciplinar.

5.- O número de horas totais de traballo do equipo (art. 10.2) e o importe dos custos de prestación do servizo en función do prezo unitario/hora (art. 10.1) durante o período de execución son:

* Grupo I: mil oitocentos cincuenta e dous euros con cincuenta céntimos (1.852,50 €).

* Grupo II: tres mil catrocentos setenta e oito euros con cincuenta céntimos (3.478,50 €).

E por outra banda, con base nos datos que figuran nos correspondentes arquivos:

1.- A data de posta en marcha do servizo de atención temperá configurado como tal polo Concello de Cangas foi 1999.+

2.- Que foron remitidas as contas correspondentes ao último exercicio esixible ao Consello de Contas de Galicia.

3.- A porcentaxe de persoas con discapacidade no cadro de persoal do Concello de Cangas é de 0%.

4.- A contratación de persoal que desenvolve as funcións do servizo foi realizada de acordo coa normativa aplicable ás administracións públicas e a correspondente concorrencia e na xestión indirecta, segundo a normativa aplicable en materia de subvencións e contratación administrativa".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.





Expediente 2300/2019. Proposta da concelleira de turismo de solicitude de subvención para apoio, promoción e difusión de festas declaradas de interese turístico de Galicia -Liña 1 Semana Santa de Cangas 2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: maioría a favor.
(Abstencións de:
Mariano Abalo Costa, Xosé Carlos Chillón Iglesias, e Lourdes Rial Pardo)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 02.05.2019 da concelleira de medio ambiente e turismo, referente a solicitude de subvención destinada aos concellos galegos para o apoio, promoción e difusión de festas declaradas de interese turístico de Galicia, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE MEDIO AMBIENTE E TURISMO, TANIA CASTRO PAREDES S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE 5 DE ABRIL DE 2019, QUE ESTABLECE AS BASES DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

Vista a Resolución de 5 de abril de 2019, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión de festas declaradas de interese turístico de Galicia, publicada no DOG nº 73, de data 15.04.2019 e tendo en conta a declaración da Semana Santa de Cangas de interese turístico galego por Resolución de 12 de novembro de 2002 (DOG nº 231 de data 29.12.2002).

Propoño á Xunta de Goberno Local

Primeiro.- Se solicite, ao abeiro da Resolución de 05.04.2019, ao abeiro da liña 1 relativa á promoción e difusión da festa e que inclúa o convenio de colaboración coa ABANCA, axuda para a edición de material promocional e a confección dunha axenda cultural con actuacións artísticas durante a celebración da Semana Santa de Cangas 2019, por importe de catro mil seiscentos catorce con dez céntimos (4.614,10 €), segundo o orzamento desagregado que se acheg:

CONCEPTO	IMPORTE
Carteis e programas de Semana Santa 2019	387,20 €
Guía informativa da Semana Santa de Cangas	1.076,90€
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores o Domingo de Ramos	250,00 €
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión da Santa Cea o Xoves Santo	250,00 €
Actuación da Banda de Música Belas Artes de Cangas o Xoves Santo	600,00€
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión de San Pedro o Venres Santo	250,00 €
Actuación da Banda de Gaitas María Soliña no Encontro o	600,00 €





Concello de Cangas

Venres Santo	
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión de Enterro o Venres Santo	250,00 €
Actuación da Banda de Cornetas e Tambores na procesión do Silencio o Venres Santo	250,00 €
Actuación do Grupo de Gaitas Tromentelo na procesión de Cristo Resucitado, o Domingo de Resurrección	700,00 €
TOTAL	4.614,10 €

Segundo.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total da execución prevista".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

